

CONVOCATORIA	BOPPO 16/12/2024, NÚM. 43 (exp. 2024018830)
PRAZA/POSTO	PROCESO SELECTIVO PARA O NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO INTERINO SEN PRAZA PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL "PROGRAMA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL RÍO MIÑO 2024-2027"
TIPO	PRIMEIRO EXERCICIO –TEST
DATA	04/03/2025

1. A natureza da provincia, segundo a regulación constitucional, é a dun:

- a) Ente constituído sempre á marxe da agrupación de municipios
- b) Ente con personalidade xurídica propia e división territorial
- c) Ente carente de autonomía para a xestión das súas respectivos intereses
- d) Ente sen personalidade xurídica

2. As Administracións Públicas, no ámbito das súas respectivas competencias e en aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes, guíaranse polos seguintes criterios de actuación:

- a) Promover os obstáculos que impliquen a pervivencia de calquera tipo discriminación co fin de ofrecer condicións de igualdade efectiva entre mulleres e homes no acceso ao emprego público e no desenvolvemento da carreira profesional
- b) Facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, a pesar do menoscabo da promoción profesional
- c) Fomentar a formación en igualdade, tanto no acceso ao emprego público como ao longo da carreira profesional
- d) Impoñer a presenza de maioría de mulleres e homes nos órganos de selección e valoración

3. Cal dos seguintes non é un principio de actuación da Administración:

- a) Eficacia
- b) Xerarquía
- c) Descentralización

d) Efectividade

4. Cal dos seguintes é considerado pola Constitución de 1978 como valor superior do ordenamento xurídico:

- a) O pluralismo político
- b) a publicidade normativa
- c) A equidade
- d) A xerarquía normativa

5. Segundo o disposto no artigo 52 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei del Estatuto Básico do Empregado Público, os empregados públicos deberán actuar conforme os seguintes principios (sinale a resposta incorrecta):

- a) Xerarquía
- b) Austeridade
- c) Accesibilidade
- d) promoción da contorna cultural e ambiental

6. Segundo o artigo 32.1 do Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local existen en todas as Deputacións:

- a) Presidente/a, vicepresidentes/as, Xunta de Goberno e o Pleno
- b) Presidente/a, Xunta de Goberno e o Pleno
- c) Presidente/a, os deputados que ostenten delegacións e o Pleno
- d) Presidente/a, o Pleno e os órganos que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que han de ser sometidos ao Pleno, así como o seguimento da xestión dos deputados que ostenten delegacións dentro da Xunta de Goberno

7. O persoal funcionario de carreira pode atoparse nas seguintes situacións administrativas:

- a) Excedencia voluntaria, excedencia forzosa ou servizo activo

- b) Servizos especiais, servizo activo ou excedencia forzosa
- c) Servizos noutras administracións, servizo activo ou excedencia forzosa
- d) Servizo activo, servizos especiais, servizos noutras administracións, excedencia voluntaria e forzosa, así como suspensión de funcións

8. Cal destes principios se atopa recollido no título II da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais:

- a) Exactitude dos datos
- b) Deber de confidencialidade
- c) Consentimento dos menores de idade
- d) Todas as respostas son correctas

9. Segundo o art. 54 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cales son as formas de iniciación dos procedementos administrativos?:

- a) De oficio ou a solicitude de parte interesada
- b) Sempre mediante unha instancia por escrito do cidadán ante o órgano correspondente
- c) De oficio, a instancia de parte ou mediante denuncia
- d) Sempre de oficio, por acordo do órgano competente

10. Segundo o art. 66.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando a Administración nun procedemento concreto estableza expresamente modelos específicos de presentación de solicitudes, estes serán de uso:

- a) Facultativo polos interesados
- b) Voluntario polos interesados
- c) Obrigatorio polos interesados
- d) Recomendado polos interesados

11. Segundo o art. 39.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos das Administracións Públicas suxeitos ó Dereito Administrativo presumiranse válidos e producirán efectos dende:

- a) A publicación no diario ou boletín correspondente, ou dende o seguinte a súa notificación
- b) O mesmo día da súa notificación ós interesados
- c) O día seguinte á data en que foron ditados, salvo que neles se dispoña outra cousa
- d) A data en que se diten, salvo que en eles se dispoña outra cousa

12. Segundo o art. 41.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderase establecer a obriga de practicar electronicamente as notificacións para determinados procedementos:

- a) Mediante Lei
- b) Regulamentariamente
- c) Mediante orde do órgano encargado de resolver
- d) Mediante orde do órgano encargado de tramitar

13. Segundo o art. 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as Administracións Públicas poderán rectificar os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos:

- a) De oficio, mentres non transcorrese o prazo de prescrición
- b) Unicamente de oficio, en calquera momento
- c) De oficio ou a instancia dos interesados, mentres non transcorrese o prazo de prescrición
- d) En calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados

14. Segundo o art. 107.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, relacionado coa declaración de lesividade dos actos anulables, producirase a caducidade do procedemento se non se declarase a lesividade do mesmo transcorrido o prazo de:

- a) Seis meses dende a iniciación do procedemento
- b) Tres meses dende a iniciación do procedemento
- c) Un mes dende a finalización do procedemento
- d) Tres meses dende a finalización del procedemento

15. Segundo o art. 121.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante que órgano ou órganos poderán ser recorridos as resolucións e actos de trámite, cando non poñan fin á vía administrativa, a que se refire o artigo 112.1 desta Lei, en alzada?:

- a) O órgano que os ditou
- b) O órgano superior xerárquico do que os ditou
- c) O órgano competente para resolvelo
- d) Ningunha das anteriores é correcta

16. Segundo o art. 124.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra a resolución dun recurso de reposición poderá interpoñerse de novo dito recurso?:

- a) Si, pódese interpoñer outro recurso potestativo de reposición
- b) Non se poderá interpoñer de novo dito recurso, salvo nos casos de silencio administrativo
- c) Non se poderá interpoñer de novo dito recurso, salvo que se solicite expresamente
- d) Non poderá interpoñerse de novo dito recurso

17. Segundo o establecido na base 33 das bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra "Anticipos de Caixa fixa", no que respecta a xustificación, os gastos efectuados en calidade de anticipos de caixa fixa:

- a) Non están suxeitos a fiscalización previa cando o seu importe non supere os 3.000,00 €, nos termos sinalados no artigo 219-1 do TRLRFL, aprobado por R.D.L. 2/2004 do 5 de marzo

b) Non están suxeitos a fiscalización previa cando o seu importe non supere os 3.500,00 €, nos termos sinalados no artigo 219-1 do TRLRFL, aprobado por R.D.L. 2/2004 do 5 de marzo

c) Non están suxeitos a fiscalización previa cando o seu importe non supere os 3.005,06 €, nos termos sinalados no artigo 219-1 do TRLRFL, aprobado por R.D.L. 2/2004 do 5 de marzo

d) Non están suxeitos a fiscalización previa cando o seu importe non supere os 2.999,00 €, nos termos sinalados no artigo 219-1 do TRLRFL, aprobado por R.D.L. 2/2004 do 5 de marzo

18. Segundo o establecido na base 25.7 das bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra "Outras normas en materia de subvencións", unha vez finalizado o prazo de xustificación da subvención sen presentarse a mesma:

a) O órgano competente requirirá inmediatamente ao beneficiario para que, no prazo improrrogable de 10 días sexa presentada

b) O órgano competente requirirá inmediatamente ao beneficiario para que, no prazo improrrogable de 15 días sexa presentada

c) O órgano competente requirirá inmediatamente ao beneficiario para que, no prazo improrrogable de 5 días sexa presentada

d) O órgano competente requirirá inmediatamente ao beneficiario para que, no prazo improrrogable de 20 días sexa presentada

19. Segundo o establecido na base 10 das bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra "Transferencias de crédito", estas estarán suxeitas ás seguintes limitacións:

a) Non afectarán os créditos ampliáveis nin aos extraordinarios concedidos durante o exercicio

b) Non afectarán os créditos ampliáveis pero se poderán afectar aos extraordinarios concedidos durante o exercicio por razóns de urxente necesidade

c) Poderán minorarse os créditos que fosen incrementados con suplementos ou transferencias cando exista un informe motivado do servizo xestor que acredite a insuficiencia de crédito para a posta en marcha dun novo programa

d) Os créditos incorporados como consecuencia de remanentes non comprometidos procedentes dos orzamentos xerais poderán minorarse por necesidades xustificadas do servizo xestor

20. De acordo co establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, relativo á subcontratación das actividades subvencionadas polos beneficiarios, deberase formalizar contrato por escrito:

- a) Cando a actividade concertada con terceiros exceda do 30% do importe da subvención e devandito importe sexa superior a 30.000 euros
- b) Cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención e devandito importe sexa superior a 60.000 euros
- c) Cando a actividade concertada con terceiros exceda do 50% do importe da subvención e devandito importe sexa superior a 40.000 euros
- d) Cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención e devandito importe sexa superior a 50.000 euros

21. De acordo co establecido no artigo 38 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, relativo á natureza dos créditos para reintegrar e dos procedementos de reintegro da subvención:

- a) O interese de demora aplicable en materia de subvencións será o interese legal do diñeiro incrementado nun 25 por cento, salvo que a Lei de Orzamentos Xerais do Estado estableza outro diferente
- b) O interese de demora aplicable en materia de subvencións será o interese legal do diñeiro incrementado nun 20 por cento, salvo que a Lei de Orzamentos Xerais do Estado estableza outro diferente
- c) O interese de demora aplicable en materia de subvencións será o interese legal do diñeiro incrementado nun 30 por cento, salvo que a Lei de Orzamentos Xerais do Estado estableza outro diferente
- d) O interese de demora aplicable en materia de subvencións será o interese legal do diñeiro incrementado nun 10 por cento, salvo que a Lei de Orzamentos Xerais do Estado estableza outro diferente

22. De acordo co previsto no artigo 42 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no que respecta ao procedemento de reintegro, o prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de:

- a) 12 meses
- b) 6 meses
- c) 9 meses
- d) 1 mes

23. De acordo co establecido no artigo 80.3 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións, cando os resultados do traballo de auditoría de contas se incorporen ao informe complementario a que se refire o apartado 2 deste artigo, a retribución adicional que lle corresponda percibir ao auditor de contas:

- a) Non terá a condición de gasto subvencionable en ningún caso
- b) Terá a condición de gasto subvencionable cando a súa contía non supere os límites dun contrato menor
- c) Terá a condición de gasto subvencionable cando o establezan as bases reguladoras ata un límite do 10% sobre o total concedido
- d) Terá a condición de gasto subvencionable cando o establezan as bases reguladoras ata o límite que nelas se fixe

24. De acordo co establecido no artigo 84 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións, a revisión das facturas ou documentos de valor probatorio análogo que, no seu caso, formen parte da conta xustificativa:

- a) Deberán ser obxecto de comprobación nos tres anos seguintes sobre a base dunha mostra representativa
- b) Deberán ser obxecto de comprobación nos catro anos seguintes sobre a base dunha mostra representativa
- c) Deberán ser obxecto de comprobación nos dous anos seguintes sobre a base dunha mostra representativa
- d) Deberán ser obxecto de comprobación nos cinco anos seguintes sobre a base dunha mostra representativa

25. Segundo o art. 13.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, as bases reguladoras da subvención poderán esixir a constitución de garantías (sinale a resposta incorrecta):

- a) Nos procedementos de selección de entidades colaboradoras
- b) Cando se prevexa a posibilidade de realizar pagos a conta
- c) Cando se prevexa a posibilidade de realizar pagos anticipados
- d) Cando se aprobe a concesión dunha subvención a unha entidade privada sempre que non se trate dun procedemento de concorrencia competitiva

26. Segundo o art. 28.1.c) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, o incumprimento da obrigaón de difundir a subvención concedida no prazo establecido inicialmente dará lugar a unha dedución:

- a) Do 5% da contía concedida
- b) De ata o 10% da contía concedida
- c) De entre o 10% e o 20% da contía concedida
- d) De ata o 20% da contía concedida

27. Segundo se expón no Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) 2021-2027, que porcentaxe da lonxitude da fronteira entre España e Portugal está constituída por algún leito fluvial?:

- a) O 10%
- b) O 15%
- c) O 20%
- d) O 25%

28. Segundo se expón no Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) 2021-2027, o obxectivo específico a través do cal se desenvolve a Prioridade 2 do OPI é:

- a) Reforzo do crecemento sostible e a competitividade das pemes e a creación de emprego nestas, tamén mediante investimentos produtivos

- b) Aproveitamento das vantaxes da dixitalización para os cidadáns, as empresas, as organizacións de investigación e as administracións públicas
- c) Desenvolvemento de capacidades para a especialización intelixente, a transición industrial e o emprendemento
- d) Desenvolvemento e a mellora das capacidades de investigación e innovación e a implantación de tecnoloxías avanzadas

29. Segundo se expón no Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) 2021-2027, o orzamento estimado destinado a actividades de comunicación e visibilidade do Programa será:

- a) Excluídos os gastos xerais, polo menos o 7% do orzamento total do Programa
- b) Excluídos os gastos de persoal, polo menos o 7% do orzamento total do Programa
- c) Excluídos os gastos de funcionamento, como máximo o 7% do orzamento total do Programa
- d) Excluídos os gastos indirectos, como máximo o 7% do orzamento total do Programa

30. Segundo se expón no Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) 2021-2027, entre os indicadores de resultado para avaliar as actividades de comunicación e visibilidade do Programa non se atopa:

- a) O número de participantes nos eventos de promoción e difusión
- b) A media de visitas á web
- c) O número de publicacións realizadas (folletos, dípticos, newsletters...)
- d) O número de noticias publicadas (prensa, TV, radio)

31. Segundo o art. 37.1 do Regulamento (UE) 2021/1059 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, sobre disposicións específicas para o obxectivo de cooperación territorial europea (Interreg) que recibe apoio do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e dos instrumentos de financiamento exterior, a totalidade ou parte dunha operación Interreg:

- a) Poderá executarse fóra dun Estado membro só no caso de que se trate dun estado fronteirizo

- b) Poderá executarse fóra dun Estado membro só no caso de que se realice dentro da Unión e aprobouse polas partes o correspondente convenio de reciprocidade
- c) Poderá executarse fóra dun Estado membro, mesmo fóra da Unión, sempre que a operación Interreg contribúa aos obxectivos do programa Interreg correspondente
- d) Non poderá executarse fóra dun Estado membro

32. Segundo o art. 37.4 do Regulamento (UE) 2021/1059 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, sobre disposicións específicas para o obxectivo de cooperación territorial europea (Interreg) que recibe apoio do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e dos instrumentos de financiamento exterior, en caso de diferenza de opinións entre a autoridade de xestión e a autoridade de auditoría con respecto á subvencionabilidade da devandita operación Interreg seleccionada no marco dun programa Interreg:

- a) Prevalecerá a opinión da autoridade de xestión, tendo debidamente en conta a opinión do comité de seguimento
- b) Prevalecerá a opinión da autoridade de auditoría, tendo debidamente en conta a opinión da autoridade de xestión
- c) Prevalecerá a opinión do comité de seguimento, tendo debidamente en conta as opinións da autoridade de xestión e da autoridade de auditoría
- d) Prevalecerá a opinión do comité de seguimento, sen vinculación ás opinións da autoridade de xestión e a autoridade de auditoría

33. Segundo o Formulario de candidatura en Coffee Interreg, no apartado 9. Documentos, "Cartas de compromiso", ao seleccionar a entidade, a carta de compromiso descárgase en formato:

- a) docx
- b) pdf
- c) jpx
- d) Editable

34. Segundo o art. 4 dos Estatutos da Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) do río Minho, publicados no Diario da República de Portugal, 2.ª serie – n.º 48, 8 de marzo de 2018, constitúen deberes dos membros:

- a) Exercer os poderes e as facultades previstas no Regulamento AECT e nestes Estatutos
- b) Participar en todas as actividades da AECT Rio Minho
- c) Solicitar e obter información, documentos e publicacións da AECT Rio Minho
- d) Colaborar na planificación, programación, promoción e execución das actividades da AECT Rio Minho

35. Segundo o art. 9 dos Estatutos da Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) do río Minho, publicados no Diario da República de Portugal, 2.ª serie – n.º 48, 8 de marzo de 2018, NON é un órgano da AECT río Minho:

- a) Vice-director
- b) Director
- c) Consello Coordinador
- d) Consello Fiscal

36. Segundo o art. 11 dos Estatutos da Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) do río Minho, publicados no Diario da República de Portugal, 2.ª serie – n.º 48, 8 de marzo de 2018, o mandato do Presidente e do Secretario da Mesa da Asemblea Xeral ten unha duración de:

- a) 1 ano
- b) 2 anos
- c) 3 anos
- d) 4 anos

37. Segundo o art. 18 dos Estatutos da Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) do río Minho, publicados no Diario da República de Portugal, 2.ª serie – n.º 48, 8 de marzo de 2018, o auditor será designado por:

- a) Asemblea Xeral
- b) Director
- c) Consello Coordinador

d) Consello Fiscal

38. Segundo a Orde PRA/1297/2017, do 20 de decembro, pola que se autoriza a participación da Deputación de Pontevedra (Galicia) na Agrupación Europea de Cooperación Territorial "Río Miño"; en virtude de que artigo do Real Decreto 23/2015, do 23 de xaneiro, producírase a caducidade da autorización sen que se constituíu a AECT proxectada:

a) 6.7

b) 7.6

c) 7.3

d) 4.6

39. Segundo o art. 23 dos Estatutos da Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) do río Minho, publicados no Diario da República de Portugal, 2.ª serie – n.º 48, 8 de marzo de 2018, as remuneracións e demais gravames co persoal serán soportados polo orzamento da AECT Rio Minho:

a) Preferentemente

b) Nominativamente

c) Obrigatoriamente

d) Exclusivamente

40. Segundo o art. 19 dos Estatutos da Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) do río Minho, publicados no Diario da República de Portugal, 2.ª serie – n.º 48, 8 de marzo de 2018, o Consello Consultivo reúne-se sempre que sexa convocado por:

a) A Asemblea Xeral

b) O Director

c) O Consello de Coordinación

d) O Consello Fiscal

PREGUNTAS DE RESERVA

41. Son competencias propias das Deputacións:

- a) Garantir nos municipios de menos de 5.000 habitantes a prestación dos servizos de secretaría e intervención
- b) A asistencia na prestación dos servizos de xestión da recadación tributaria, en período voluntario e executivo, e dos servizos de apoio á xestión financeira dos municipios de menos de 20.000 habitantes
- c) A prestación dos servizos de administración electrónica e a contratación centralizada dos municipios de menos de 50.000 habitantes
- d) Todas as respostas anteriores son correctas

42. Segundo o art. 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o prazo para a interposición do recurso potestativo de reposición será:

- a) Dun mes, se o acto fóra expreso
- b) De dez días, se o acto fóra expreso
- c) De dez días, se o acto fóra presunto
- d) Dun mes se o acto fóra presunto

43. De acordo co establecido no artigo 79 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións, no que respecta ás obrigacións formais dos beneficiarios en réxime de módulos:

- a) Os beneficiarios están dispensados da obrigación de presentación de libros, rexistros e documentos de transcendencia contable ou mercantil
- b) Os beneficiarios están dispensados da obrigación de presentación de libros, rexistros e documentos de transcendencia contable ou mercantil, salvo previsión expresa en contrario das bases reguladoras da subvención
- c) Os beneficiarios están dispensados unicamente da obrigación de presentación de libros e rexistros contables

d) Os beneficiarios están obrigados a presentar os libros, rexistros e documentos de transcendencia contable ou mercantil no prazo que establezan as bases reguladoras da subvención

44. Segundo expone no Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) 2021-2027, en relación ao progresivo proceso de envellecemento da poboación, a idade media das mulleres no territorio fronteirizo é:

- a) Unha media de 3,6 anos maior que a media global da UE28
- b) Unha media de 4,6 anos maior que a media global da UE28
- c) Unha media de 5,4 anos maior que a media global da UE28
- d) Unha media de 6,4 anos maior que a media global da UE28

45. Segundo o art. 20 dos Estatutos da Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) do río Minho, publicados no Diario da República de Portugal, 2.ª serie – n.º 48, 8 de marzo de 2018, os dous Secretarios Técnicos son designados polo Consello Coordinador, con respecto polo:

- a) Principio da paridade
- b) Principio de igualdade
- c) Principio de territorialidade
- d) Principio de dispoñibilidade

CONVOCATORIA	BOPPO 16/12/2024, NÚM. 43 (exp. 2024018830)
PRAZA/POSTO	PROCESO SELECTIVO PARA O NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO INTERINO SEN PRAZA DUN/HA DINAMIZADOR/A DE COOPERACIÓN TERRITORIAL PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL "PROGRAMA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL RÍO MIÑO 2024-2027"
TIPO	PRIMEIRO EXERCICIO –TEST
DATA	04/03/2025

PLANTILLA DE RESPOSTAS DO PRIMEIRO EXERCICIO (TEST)

Nº	Resposta	Nº	Resposta	Nº	Resposta	Nº	Resposta
1	B	11	D	21	A	31	C
2	C	12	B	22	A	32	A
3	D	13	D	23	D	33	B
4	A	14	A	24	B	34	D
5	A	15	B	25	D	35	A
6	A	16	D	26	A	36	B
7	D	17	C	27	C	37	A
8	D	18	B	28	C	38	B
9	A	19	A	29	B	39	D
10	C	20	B	30	C	40	B

Nº	Resposta
41	B (Reserva)
42	A (Reserva)
43	B (Reserva)
44	C (Reserva)
45	A (Reserva)

